

## ORGANIZACIÓN XERAL DO TORNEO DE FÚTBOL SALA – OCIOSOL 2018

A organización dependerá do número de equipos inscritos; o obxectivo é o de celebrar o número máximo de encontros posible, xa que se trata dun torneo de verán, con carácter amigable. Así, deséñase un TORNEO CON DÚAS PARTES, UNHA FASE DE LIGA E OUTRA FINAL, ELIMINATORIA.

En caso de haber un número de equipos superior a 8, o torneo realizarase en dous grupos. Os 4 mellores de cada grupo, despois de disputada a fase de liga, se clasifican nun grupo, o resto pasan a formar parte do grupo de “repesca”. Ambos grupos xogan a súa fase de cuartos e se cruzan en semifinais.

Xogaranse 3 ou 4 partidos día, en horario de 19/20h a 23h (1h por partido aprox), todo isto estimado segundo a inscrición de equipos

Duración estimada: Do 23 de Xullo ao 31 de Agosto de 2018

### REGULAMENTO

#### NORMAS XERAIS

- O presente torneo disputarase no pavillón municipal de O Longoiro (Meirás)
- As normas de xogo serán as vixentes na AGFS (normas de liga local de Ferrol); o réxime disciplinario será tamén o que corresponde á AGFS.
- Cada equipo poderá inscribir un número máximo de 15 xogadores e un mínimo de 7, necesitando un mínimo de 5 xogadores ao inicio de cada partido para que este poida escomezar.
- Todos os xogadores dos equipos participantes deberán constar na folla de inscrición que se facilita, ademais, devanditos xogadores deberán ir provistos do DNI a cada partido, por se a organización requirise a súa achega.
- Despois de realizada a inscrición do equipo co mínimo de xogadores disposto, poderanse inscribir novos xogadores. A inscrición de novos xogadores poderá realizarse somentes durante a fase de LIGA, nunca na fase final/eliminatória.
- Non se permite que un xogador dispute con dous equipos diferentes o presente torneo, que será expulsado do torneo pola organización. Tampouco se pode ter outro tipo de relación deportiva (adestrador, delegado, etc) con outro equipo que non sexa no que está inscrito.
- A non presentación a un partido resolverase pola organización con partido perdido para o equipo que non se presenta (asignarase un marcador de 6-0, con 3 puntos para o equipo que si se presentou e 0 para o incomparecente); se non se presentase a un segundo partido, anularanse todos os resultados do equipo en cuestión, e este expulsarase do torneo. Si se permiten os aprazamentos (xustificados) de partidos, sempre que sexan comunicados á organización cunha marxe mínima de 24h; se poderán aprazar un máximo de 2 partidos por equipo durante todo o torneo, e non se poderá aprazar un 2º partido se aínda non se disputou o 1º aprazado. Para iso habilitaranse xornadas específicas adicadas á celebración de partidos aprazados.
- O cartón vermello directo será castigada pola organización entre un partido e a expulsión do torneo en función da gravidade dos feitos (calquera agresión ou insulto ao rival ou ao árbitro será castigado como moi grave, e por tanto, expulsión do torneo), con todo, as sancións serán estipuladas polo colexiado en base á normativa vixente.
- Se o cartón vermello é por dobre amarela, será potestade do colexiado a sanción a impoñer segundo a normativa vixente.
- Cada 3 cartóns amarelas, será un partido de sanción; non obstante os xogadores dos equipos que se clasifiquen para a disputa da segunda fase pasarán con 0 cartóns amarelos, e nesta segunda fase o ciclo de cartóns amarelos será de 2 (os cartóns vermellos contarán tanto en 1ª fase como en 2ª fase).
- Non poderá xogar ningún equipo que non abone a cota antes do primeiro partido a disputar.
- A organización do torneo non se responsabiliza daquelas lesións que calquera participante sufra durante o transcurso do torneo.

- A organización resérvase o dereito para modificar as presentes normas ante calquera imprevisto que poida xurdir durante o transcurso do torneo e non estea contido nas normas.

- O feito de participar no torneo implica a aceptación total das normas.

#### NORMAS ESPECÍFICAS

- A fase previa será: partido gañado 3 puntos, empate 1 punto e derrota 0 puntos.

- En caso de empate a puntos decidírase polos seguintes criterios: (Ordenados por prioridade)

1) Gañador partido entre ambos. 2) Diferenza de goles. 3) Goles a favor. 4) Goles en contra. 5) Nº de tarxetas (en caso de empate en tarxetas, resolverase por nº de partidos de sanción)

- Os partidos terán unha duración de 22 minutos, con 5 minutos de descanso, correspondendo a cada equipo un tempo morto por período de 1' a reloxo parado.

- En segunda fase, o empate decidírase co lanzamento de 3 penaltis cada equipo; en caso de persistir o empate, lanzaranse penaltis ata que un equipo falle e o outro anote, ou viceversa.